

SABELA HOMENAXEA A MARUJA MALLO NO SEU NOVO SINXELO A QUEN IGNORA

ESTE ÚLTIMO SINXELO ANTES DO LANZAMENTO DO SEU EP PON EN VALOR A
FIGURA DA PINTORA VIVEIRENSE

O LANZAMENTO COINCIDE COA INAUGURACIÓN NO MUSEO REINA SOFÍA DE
MADRID DA MAIOR EXPOSICIÓN DA ARTISTA ATA A DATA



Bueu, 9 de outubro de 2025. Sabela acaba de publicar o **último adianto** do seu novo traballo discográfico, ***A quen ignora***. Este novo sinxelo vén **inspirado na figura de Maruja Mallo**, unha das pintoras surrealistas máis importantes da historia do arte a nivel estatal. A de **Viveiro** é recoñecida pola súa visión tan diferente e vangardista para a época, aproximando un prisma diferente a elementos cotiás. Esta visión tan única é a que trata de replicar Sabela nesta nova canción, cun son moito máis ecléctico dentro do seu xa característico pop electrónico.

No proceso compositivo, Sabela mergullouse na vida e obra da ilustre viveirense para atopar inspiración e, en base ao colleitado, foi construíndo o tema. *A quen ignora* racha coa estrutura clásica do pop e xoga cos sons para que sexan máis duros. Durante a canción pódese escoitar a **voz de Maruja Mallo** que, de maneira inspiradora, fala desa cantidade de arte que se crea e que se dilúe co tempo. Con esa frase “40.000 pintores

en París, 40.000 que ya no existen”, trae a unha reflexión moi actual sobre a velocidade e cantidade de creación hoxe en día, que axuda a pensar en non perder a perspectiva e valorar o arte que facemos.

A propia Sabela confesa que construír esta canción foi duro pola **alta exigencia e o respecto** que impoñía inspirarse na figura de Maruja Mallo, feito que foi desaparecendo a medida que foi xogando co tema, como facía a pintora, constituíndo así a mellor **homenaxe** posible á súa visión do arte. Desta maneira, a artista busca poñer en valor unha figura silenciada e infravalorada ao longo da historia.

A **portada** do tema é un **fungo *Penicillium* visto dende un microscopio**, representando a visión de Maruja de aportar un novo enfoque a cousas cotiás. O que simplemente podería ser o mofo dun limón, adquire unha nova perspectiva e forma no momento no que o miras dende un microscopio.

O lanzamento de *A quen ignora* coincide coa **inauguración da exposición “Maruja Mallo. Máscara y compás”**, a maior retrospectiva da obra realizada ata a data, que se poderá visitar **ata marzo de 2026** no **Museo Reina Sofía de Madrid**. A mostra fai un percorrido cronolóxico pola súa traxectoria, reunindo **90 obras** entre as que se poden atopar pinturas, debuxos, vídeos e mesmo escritos.

Desta maneira, Sabela segue acrecentando este momento doce arredor da súa música que está a vivir. Tras a gran acollida dos primeiros adiantos, [Hi, My love](#), [Eu espero aquí](#), [Camponarai](#) e [Cerca de ti](#), así como das dúas extensas xiras por salas de España e Galicia, a artista recolleu os froitos do traballo feito en forma de recoñecementos, recibindo o **Premio Martín Códax da Música na categoría de Pop e Indie**. A artista encara desta forma este final de ano, no que publicará o seu tan esperado traballo discográfico en forma de EP.

Este tema conta coa **colaboración da Xunta de Galicia** a través da **Axencia Galega de Industrias Culturais**.

MÁIS SOBRE SABELA

Sabela Ramil é unha das caras visibles desta nova onda de **pop electrónico** que triunfa no panorama musical actual. Coas súas tinguiduras animadas e bailables, Sabela converteuse xa no **gran alicerce deste xénero** en Galicia. As súas cancións acumulan **centos de miles de reproducións**, conquistando con grandes xiras en directo **importantes salas ao longo de España e de Galicia**, así como festivais da talla de **O Son do Camiño, BIGSOUND Pontevedra, SonRías Baixas, Festival do Pasatempo** ou **Festival Noroeste**. Con todo isto, durante as próximas semanas Sabela presentará o seu **novo EP**, no que [Hi, My Love](#) e [Eu Espero Aquí](#), publicados a finais de 2024, e [Camponarai](#), [Cerca de ti](#) e [A quen ignora](#), publicados recentemente, son xa os seus primeiros sinxelos.

A artista galega soubo madurar o seu proxecto para levalo a unha **nova etapa da súa carreira**, e a pesar de contar cun **estilo xa propio e identificable**, aposta forte por un **son máis internacional mantendo elementos tradicionais galegos**, fortalecendo así as súas raíces. [A quen ignora](#), último sinxelo de Sabela, precede a temas como [Hi, My Love](#), [Eu Espero Aquí](#), [Camponarai](#) e [Cerca de ti](#), que veñen de obter grandes números de escoitas e visualizacións, así como recoñecementos como o **Premio Martín Códax da Música na categoría de Pop e Indie**, e nominacións a prestixiosos galardóns

como os **Premios de la Academia de la Música**, **Premios Mestre Mateo**, **Festival de Cans** ou **Festival de Videoclips de Oviedo**.



[Acceso ao PressKit de Sabela](#)

CONTACTO DE PRENSA SABELA

Rodri Míguez | +34 986 903 509
comunicacion@playplan.es

AXENCIA DE MANAGEMENT SABELA

PlayPlan - +34 986 903 509 ext. 206
contratacion@playplan.es
www.playplan.es

